

Sumario | nº9 – Xullo 2021

CHECKLIST

checklist, unha ferramenta para verificar se a túa tese está lista para ser defendida

EDIUS NOVAS

Publicada a convocatoria de matrícula para o doutoramento 2021/22

catro cousas

A tese vai de vacacións?

EDIUS NOVAS

Aberto o prazo para o VIII e IX Curso de Boas Prácticas para posgraduados

CAMPUS 21
DE EMPRENDIMENTO
E EMPREGABILIDADE

Queres emprender ou buscas desenvolver ideas que triunfen?



ENTREVISTA

Pablo Taboada:

“Os doutorandos e doutorandas da USC están por riba da media nacional. Eles son o motor da investigación”

PREMIOS

Traballos premiados no VIII Encontro da Mocidade Investigadora



ENTREVISTA

Rafael Repiso
Profesor da UNIR

«As redes sociais más importantes son as reais, as que se dan fóra dos mundos virtuais»

EDIUS NOVAS

Unha doutoranda da USC, entre as tres premiadas no V Concurso de *Pitches* do Grupo Compostela de Universidades

EDIUS NOVAS

Curso de verán na USC sobre a visualización e análise de datos con ‘R’

CHECKLIST

checklist, unha ferramenta para verificar se a túa tese está lista para ser defendida



O longo proceso de elaboración dunha tese de doutoramento vai chegando ao seu final xa cando se empieza a albiscar que está lista para ser presentada. Pero para ter a certeza de que xa está todo o traballo feito e completado, a USC creou un **checklist** ou lista de verificación para ir repasando cada unha das partes da tese, desde a portada até a bibliografía.

O **checklist** axuda ao doutorando/a a deterse en cada un dos enunciados chave e comprobar na súa tese se están correctos para, deste xeito, verificar se o traballo xa está listo para ser presentado. Tamén debe servir de axuda a quen dirixa a tese e ás CAPD para comprobar que todo está ben, o que aforrará atrasos de tempo na tramitación final de depósito e defensa do traballo de investigación.

No acordo do Consello de Goberno da USC de xullo de 2020 aprobouse un novo Regulamento de Estudos de Doutoramento no que aparecen especificadas todas as normas e principios que afectan a estes estudos. Convén que as/os investigadoras/es o coñezan para axustar os seus traballos á normativa vixente. O **checklist** está elaborado tendo en conta estas normas e a experiencia na revisión das teses que se remiten á EDIUS.

A lista de verificación que propón a Universidade ten un primeiro apartado común para todas as teses, tres apartados en función do tipo de tese e un mais específico para Ciencias da Saúde.

TODAS AS TESES

1

Portada

A portada é a folla de presentación do traballo de investigación. Por iso, debe presentarse de forma clara incluíndo todos os datos correspondentes coa tese. Trátase do primeiro contacto que o lector realizará co documento, polo que a súa elaboración é esencial.

Ir ao sumario

1

Portada

A USC especifica como debe ser a cuberta e os elementos que debe incluír:

- **LOGOTIPO DA USC** (ángulo superior esquerdo).
- **TÍTULO DA TESE** (no centro da portada).
- **NOME COMPLETO DO/A DOUTORANDO/A** (baixo o título).
- **ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC**
- **PROGRAMA DE DOUTORAMENTO** en (*citar o PD*)
- **LUGAR:** Santiago de Compostela ou Lugo.
- **ANO DE PRESENTACIÓN** da tese (parte inferior, centrado).

DESCARGA O MODELO DISPOÑIBLE

2

Idioma da tese e do plan de investigación

Segundo o Regulamento de Estudos de Doutoramento, a tese redactarase, como norma xeral, en galego ou castelán. Tamén poderá ser escrita e, no seu caso, defendida nas linguas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento. Nese caso, deberá incluír un resumo en lingua galega non inferior a 3.000 palabras. Poderá tamén incluír outros resumos de similar extensión noutras linguas.

No caso de que a tese sexa redactada nun idioma distinto do galego ou castelán, a CAPD deberá xustificar a súa pertinencia, garantindo que o tribunal proposto estea en condicións de xulgar a tese no idioma correspondente.

O título, resumo, introdución, obxectivos, hipóteses, metodoloxía, resultados e as conclusíons da tese deben estar redactados no idioma seleccionado, aínda que pode incluír referencias, mencións, achegas ou apéndices realizados pola doutoranda ou doutorando e/ou por outros autores no idioma no que foron publicados.

Nas teses por compendio de publicacións, o corpo da tese poderá estar redactado nun único idioma distinto aos das publicacións incluídas nela.

O idioma no que se redacte o plan de investigación deberá corresponderse co idioma de presentación da tese.

 [Ir ao sumario](#)

3 Resumo

Excepto nas teses escritas en galego ou español, deberase incluír un resumo en lingua galega de 3.000 ou más palabras.

4 Declaración do/a autor/a da tese

A declaración de autoría é o documento que a doutoranda ou doutorando asina e incorpora á tese no momento do depósito do traballo.

5 Autorización

Unha vez autorizada a defensa pública da tese:

- A EDIUS enviará a documentación a cumplimentar polo tribunal ao coordinador/a do programa de doutoramento para que a faga chegar ao secretario/a do tribunal.
- O/A doutorando/a deberá:
 - Antes do acto de defensa, efectuar o pago das taxas dos dereitos de exame de grao de doutor/a na Sección de Doutoramento do Servizo de Xestión Académica ou na unidade administrativa que se determine.
 - Darse de alta e cumplimentar os datos requeridos pola aplicación Teseo do Ministerio correspondente en materia de educación; independientemente de ter presentado o Contrato de autorización, ou de non autorización, da difusión do exemplar electrónico da tese.
 - O persoal de apoio do PD deberá trasladar a Xescampus a data de lectura da tese.

No caso das teses monográficas, existen dous tipos de modelos de autorización que o/a investigador/a deberá presentar no caso de traballos de investigación con coautores non doutores ou coatores doutores. Se se trata de teses por compedio, ademais das autorizaciós anteriores, existe o informe polo que o/a director/a ou titor/a da tese autoriza a presentala por estaa modalidade.

6

Resumo

Hai que pedir permiso por escrito para reproducir táboas, figuras, cuestionarios ou probas de fonte protexida por dereitos de autor. Debe obterse o permiso do titular dos dereitos para imprimilos e actualizalos electronicamente.

TESES MONOGRÁFICAS SEN PUBLICACIÓN

A tese monográfica é aquela que non inclúen publicacións derivadas da investigación e se estrutura nunha serie de apartados esenciais:

- a) Resumo**
- b) Introdución**
- c) Obxectivos**
- d) Metodoloxía**
- e) Resultados**
- f) Conclusóns**
- g) Bibliografía**

MONOGRÁFICAS CON REPRODUCCIÓN PARCIAL DUNHA OU MÁIS PUBLICACIÓN

Ademais do indicado anteriormente para teses monográficas sen publicacións, se unha parte do traballo reproduce parcialmente unha ou más publicacións derivadas da investigación desenvolta polo/a doutorando/a durante a súa etapa de formación de doutoramento, deberase incluír tanto no exemplar formato PDF como no impreso da tese:

- A relación de publicacións que aportan contidos ao documento, indicando o factor de impacto da(s) revista(s) na(s) que se atopa(n) ano de publicación, posición relativa na categoría á que pertence(n) e/ou outros índices de calidad.
- A contribución do/a doutorando/a, no caso de que haxa máis persoas coautoras.
- A autorización da revista/editorial para o uso da publicación na tese. De non contar con esta autorización, a/o doutoranda/o deberá prover unha versión publicable no repositorio sen os contidos que carezan da autorización.
- Facer explícito no(s) capítulo(s) que reproduce(n) contidos da(s) publicación(s) do doutorando/a os seguintes datos:

- 1.** Nome e filiación da autoría
- 2.** Nome e filiación de todas as persoas coautoras e a súa orde
- 3.** Referencia completa da publicación ou publicacións
- 4.** Editorial
- 5.** ISSN ou ISBN.

No caso de artigos con aceptación definitiva para a súa publicación e que no momento da presentación da tese áinda non estean publicados, engadirase o seu código de identificación (ou DOI nas publicacións dixitais).

TESES POR COMPEDIO DE PUBLICACIÓNS

Este tipo de teses de doutoramento deberán incluír os seguintes apartados:

- Introdución
- Hipótese e obxectivos xerais e específicos
- Descripción das ferramentas metodolóxicas empregadas
- Discusión xeral que dote de coherencia e unidade os diferentes traballos incluídos na tese de 5.000 ou máis palabras
- Conclusíons da tese
- Fontes referenciadas
- Copia íntegra das publicacións

Ademais, as teses por compendio de publicacións deben incluír a relación de publicacións que lle aportan contidos. En cada unha das publicacións debe aparecer:

- Factor de impacto
- Contribución da/o doutoranda/o
- Autorización da revista/editorial para o uso do contenido
- Facer explícito en cada un dos capítulos que reproduce(n) contidos da(s) publicación(s) do/a doutorando/a: nome e filiación da autoría, nomes e filiación de todas as persoas coautoras e a súa orde, así como a referencia completa da(s) publicación(s), a editorial e o ISSN ou ISBN.

Requisitos das publicacións:

- Deben contar coa aceptación definitiva ou estar xa editadas en publicacións de ámbito e prestixio internacional con revisión anónima por pares.

- Deben estar recollidas en revistas de impacto recoñecido no ámbito científico correspondente, en particular, aquellas incluídas no Journal Citation Reports, JCR, ou Scopus. Nas áreas nas que non sexa aplicable este criterio, poderá substituirse polas bases de datos relacionadas por e para estas áreas.
- Cando menos, unha das publicacións deberá estar no primeiro ou segundo cuartil da súa categoría. Nas grandes áreas de Arte e Humanidades e de Ciencias Sociais e Xurídicas permitirase que as contribucións sexan libros ou capítulos de libro, con selo de calidade en edición académica ou que estean incluídos en Scholarly Publishers Indicators in Humanities and Social Sciences.
- A contribución da/o doutoranda/o nas publicacións incluídas no compendio debe ser substancial. As publicacións deberán axustarse ao proxecto de tese recollido no plan de investigación e as publicacións deberán reflectir claramente a adscrición do/a doutorando/a á USC.
- Ningún dos artigos incluídos na tese poderá ser anterior á data de matriculación no programa de doutorado no período de tutela académica.
- A afiliación do doutorado no artigo debe incluír á USC.

CRITERIOS ESPECÍFICOS CIENCIAS DA SAÚDE

Os traballos de investigación da área de Ciencias da Saúde teñen unha serie de particularidades que as doutorandas e doutorandos deberán ter en conta:

Declaración de conflictos de interese: Cando un/ha investigador/a teña algunha opinión ou interese financeiro-persoal que pudiera afectar á súa obxectividade ou influír de maneira desapropiada nos seus actos, existe un posible conflito de intereses. O autor ou autora dunha tese debe informar sobre calquera interese real, potencial ou aparente.

A declaración de conflicto de interese farase incluíndo na tese unha frase onde se detallen os posibles conflictos ou a súa inexistencia.

Lista de adecuación estatística no caso de non cubrir ningunha das outras tres *checklist* específicas.

No caso de teses de doutoramento que implican a seres humanos, as súas mostras ou datos de carácter persoal, o traballo deberá incluir sempre:

- Declaración sobre a súa aprobación polo comité de ética da investigación e código de rexistro do estudio.
- Copia do informe favorable.
- No seu caso, declaración de que os datos están baseados en información anónima e, polo tanto, non precisa a aprobación do comité de ética da investigación.

- Se o estudo é observacional, *checklist STROBE*: A Declaración STROBE consiste nunha lista de verificación de 22 puntos relacionados coas diferentes seccións dun artigo: título, resumo, introdución, metodoloxía, resultados e discusión. Esta declaración proporciona aos autores/as información sobre como mellorar a calidade dos artigos sobre estudos observacionais e facilita aos revisores, editores de revistas e lectores a súa apreciación crítica e a súa interpretación.

Para teses que describen un ensaio clínico:

- Declaración sobre a súa autorización pola Axencia Española de Medicamentos e produtos sanitarios.
- Copia da autorización.
- *Checklist CONSORT*: O obxectivo desta lista de verificación é elaborar recomendacións para que a publicación de ensaios clínicos sexa máis completa e comprensiva. Estas recomendacións tradúcense nun *checklist* e un diagrama de fluxo (*flow diagram*).

Para teses que empregan células troncais humanas, embrionarias ou inducidas:

- Declaración sobre a súa autorización.
- Referencia da autorización.
- Copia da autorización.

Para teses que inclúan estudos con animais de experimentación:

- Número da autorización do proxecto de experimentación animal e rexistro do centro de usuario autorizado se é español.
- Declaración da súa autorización.
- Copia do certificado de capacitación se os experimentos foron realizados polo/a doutorando/a.
- Indicación da persoa, empresa ou servizo que fixo o experimento no seu caso.
- *Checklist ARRIVE*: Esta pauta inclúe 20 ítems que se agrupan en 5 dominios (título/resumo, introdución, método, resultados e discusión).



[Checklist
en galego](#)



[Checklist
en español](#)



[Checklist
en inglés](#)

En proceso
In process

ENTREVISTA

Pablo Taboada: “Os doutorandos e doutorandas da USC están por riba da media nacional. Eles son o motor da investigación”

Pablo Taboada Antelo vén de ser elixido, o 30 de xuño, como director da Escola Internacional de Doutoramento da USC (EDIUS), un cargo que xa viña desenvolvendo desde hai máis de dous anos, tras ser nomeado director comisario da escola, tras a súa reestruturación.

O nomeamento fixose efectivo no momento no que a EDIUS pasou a aglutinar as catro grandes áreas de doutoramento -Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias da Saúde, Ciencias e Enxeñarías- baixo unha mesma dirección. Agora, Taboada Antelo obtivo o respaldo do Comité de Dirección e afronta os vindeiros catro anos como un compromiso coa institución e como unha gran oportunidade para culminar varios proxectos xa iniciados na súa primeira etapa provisional.



Podería facer balance da súa etapa como director comisario?

Na miña opinión, creo que se fixeron bastante cousas. Completouse o mandato do equipo directivo da USC para emprender a reforma da EDIUS, pasando das catro escolas existentes a unha única, que é o que predomina nas escolas españolas para axilizar a xestión. Nestes últimos dous anos e medio, desenvolveuse e actualizouse a nova normativa dos estudos de doutoramento, un regulamento de réxime interno, códigos boas prácticas... Desenvolveuse tamén, por fin, o sistema de garantía interna de calidade dos estudos de doutoramento. Eran *deberes* que viñamos arrastrando de anos atrás.

Foi un traballo arduo...

Foron meses moi intensos, de moito traballo de xestión académica e administrativa. Tratamos de consensuar todas as sensibilidades que hai dentro da USC e do doutoramento e penso que o conseguimos.

«A carreira investigadora neste país non está ben. O camiño é moi longo e arduo. Non é sinxelo e hai que ter unha forte determinación e un espírito de sacrificio importante porque este é un traballo vocacional»

Xa ten pensado o seu equipo para os próximos catro anos?

Eu só entendo este traballo en equipo. Un dos motivos para presentarme de novo foi o compromiso de que continuase o equipo directivo comisario. A miña intención é manter os subdirectores e secretarios, polo menos até que eles queiran. Teño que agradecer o gran esforzo feito até agora e que se comprometesen a continuar. Hai que dar a cara e aguantar cun obxectivo claro: tratar de traballar para todos e todas. Ese foi o ánimo desde o principio.

Por que decidiu presentarse?

Quedan por finalizar unha serie de actuacións que, neste tempo, non se puideron completar e, en moitos casos, nin iniciar. Presenteime por compromiso institucional e tamén porque tiña o apoio de todo o equipo directivo para seguir facendo este traballo. É un compromiso con todo o que está pendente de finalizar, unha débeda que temos para seguir mellorando. Estamos inmersos na actualidade, por exemplo, en varios procesos para mellorar o sistema de información pública e temos que reflexionar sobre a oferta académica dos estudos de doutoramento para tomar as decisións oportunas. Debemos ter unha oferta de doutoramento o máis atractiva posible.

Existe algunha escola de doutoramento en España que vos sirva como modelo?

A estrutura que temos actualmente dunha única escola que aglutine todos os programas é a que predomina en toda España, coas excepcións dalgúnha universidade como Córdoba ou Granada. A nivel de desenvolvemento do traballo, vemos que funcionan moi ben, por exemplo, as escolas da Universidade Autónoma de Madrid, a de Zaragoza ou a de Valencia, entre outras. Son modelos a seguir porque teñen unha estrutura administrativa potente cunha dotación de persoal e de medios suficiente para desenvolver o que queren. Na USC, se queremos dar un pulo adicional, é necesario dotar de máis medios humanos e económicos para poder acadar todos os obxectivos. Non só é cuestión de vontade. Hai que facer un maior esforzo en persoal e financiamento. Temos

que marcarnos algunas metas como ser más proactivos nas redes sociais e mellorar as canles de comunicación, incorporarnos en proxectos e redes educativos de doutoramento internacionais... E a estrutura que temos na actualidade xa está saturada.

Cales son as liñas estratégicas de actuación para o siguiente mandato?

En primeiro lugar, ter un bo resultado no proceso de avaliación de calidade ao que están sendo sometidos todos os programas de doutoramento. Cada seis anos, estes programas pasan un novo exame para controlar que están formando ao estudantado de maneira adecuada. Avalíase, entre ouras cousas, a calidade das teses e a produtividade científica derivada destas, pero tamén o propio proceso de seguimento e formación dos doutorandos e doutorandas. As comisións examinan e fan algunas recomendacións sobre os recursos humanos, sobre os materiais... e realizan unha avaliación que permitirá a continuación durante outros seis anos do programa. Se existisen eivas moi graves, incluso poderían decidir que un programa se extinguise.

E como está indo o proceso?

Estamos xa na segunda rolda, que finalizará en setembro. Recibimos até o momento 11 informes definitivos dos 17 programas analizados e os 11 obtiveron o informe favorable para que se sigan impartindo. Polo momento, estamos moi satisfeitos.

Como está sendo a producción científica na USC?

Neste curso académico, até o 17 de xuño, presentáronse un total de 259 teses, unha cifra maior que o ano pasado por mor da Covid-19. En 2020 houbo un parón importante no segundo semestre. Este ano volvemos retomar as defensas e o resultado é para estar satisfeitos. Conseguimos manternos, pero temos que seguir

sumando. E para iso precisamos máis recursos humanos e ter moitos grupos de investigación potentes científicamente para incrementar o número de teses e a calidade das mesmas.

«Estamos inmersos na actualidade, por exemplo, en varios procesos para mellorar o sistema de información pública e temos que reflexionar sobre a oferta académica dos estudos de doutoramento para tomar as decisión oportunas. Debemos ter unha oferta de doutoramento»

Como é o nivel dos/as investigadores/as da USC?

Os doutorandos e doutorandas da USC están por riba da media nacional. Eles son o motor da investigación desta universidade. E se a Universidade de Santiago está ben situada no ránking de calidade das publicacións ou de captación de proxectos, en grande parte é polo seu traballo diario. A formación que reciben é moi elevada na meirande parte dos casos. Como sucede a nivel de grao ou mestrados, nos programas de doutoramento predominan as mulleres sobre os homes.

Canto se tarda, de media, en rematar unha tese?

Os/as doutorandos/as tardan en rematar a investigación unha media de 4,2 anos, unha cifra que está no promedio doutras universidades. Cando se fixo a nova regulamentación, estaba pensándose na tipoloxía de doutoramento tipicamente anglosaxona, pero en moitas áreas é moi complicado levalo a cabo. Temos que ter en conta que a grande parte do primeiro ano é para tomar contacto e unha parte importante do último, para escribir a tese. Realmente, en dous anos non dá moito tempo a completar a investigación. Non se teñen demasiado en conta os tempos reais de investigación. O ideal sería poder reducir un pouco o tempo medio de duración da tese, pero sempre e cando se poida manter a calidade.

Díganos algún motivo para embarcarse na aventura de facer unha tese de doutoramento?

Por dous motivos principais. En primeiro lugar, porque é o maior grao de excelencia académica que permite a especialización nunha área de coñecemento na que estás interesado/a. Ademais, a medio e longo prazo, o recoñecemento dun doutoramento no mercado laboral debe vir xa si ou si. Os doutores e doutoras deben conseguir os postos de traballo relacionados coa súa formación e iso reflíctese no salario que teñen que percibir. Cada vez hai más empresas que recoñecen o valor académico desta formación. Unha doutor/a proporciona unha serie de habilidades e capacidades transversais que ás empresas lle son moi útiles e que se adquieren durante o proceso de investigación da tese.

Existen motivos económicos detrás da decisión de moitos estudiantes de non facer unha tese?

O custo económico do doutoramento non é para nada elevado. A matrícula ten un custo anual de 200 euros ao que hai que sumarlle os gastos asociados ao seguro escolar. O problema é que durante esos anos os/as alumnos/as necesitan ter unha fonte de financiamento para poder pagarse a súa manutención, vivenda, etc. Na actualidade, non temos un espectro suficiente de doutorandos/as cubertos/as financeiramente. Por iso é preciso reclamar ás administracións un maior compromiso e esforzo. Cada curso entran uns 600 novos estudiantes de doutoramento na EDIUS. O 75% deles quedarán sen contrato competitivo. É lamentable que, en ocasións, perdamos estudiantes de doutoramento que serían valiosísimos pero non teñen recursos para sufragar os gastos.

Como está a carreira investigadora en España?

A carreira investigadora neste país non está ben. O camiño é moi longo e arduo. Non é sinxelo e hai que ter unha forte determinación e un espírito de sacrificio importante porque este é un traballo vocacional. As empresas teñen que abrir as portas a este persoal excepcionalmente formado dándolle o recoñecemento que merece, xa que subministra un enorme valor engadido. A nivel español, este recoñecemento non está ainda aos niveis que debera. Sen embargo, o/a doutor/a español/a é moi atractivo/a a nivel europeo. Téñennos en moi alta consideración porque saben que a formación é moi boa. Por iso, e por desgraza, segue habendo un éxodo de doutores/as que acaban marchando do país.



12 - 23 DE XULLO DE 2021

SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCUBRE A RUTA DO EMPRENDEMENTO E A EMPREGABILIDADE

estás a só dez días e vintecinco horas do éxito

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNNS: eva.lopez@usc.es

CAMPUS1



Queres emprender ou buscas desenvolver ideas que triunfen?



Formar ao alumnado universitario en como se crea unha empresa como alternativa de saída ao mercado laboral é a meta que persegue o Campus de Emprendemento e Empregabilidade da USC que se levará a cabo do 12 ao 23 de xullo. Esta iniciativa das vicerreitorías de Investigación e Innovación, así como de Igualdade, Cultura e Servizos, quere fomentar o espírito emprendedor entre a comunidade universitaria, alén de achegar a realidade empresarial e incrementar o número de empresas creadas polos/as estudantes, dando pulo a unha rede de startups marca USC. A organización anima a toda a comunidade a participar neste Campus, o primeiro en Galicia desta natureza.

Esta iniciativa foi deseñada para converterse nunha ferramenta única de emprendemento e empregabilidade. Para conseguilo, o claustro de persoas que impartirá a súa docencia “deseñou un modelo que, en 25 horas, sexa capaz de desvelar os grandes secretos para encontrar un bo traballo e converter unha idea nunha empresa de éxito”, explican os organizadores, quen destacan que “apostamos por persoas de solvencia e experiencia máis que contrastada no mundo do emprendemento e a empregabilidade”. Ao seu entender, as tres grandes “bondades” deste curso para os asistentes son tres: práctica, experiencia e aplicabilidade.

Este Campus ten especial importancia para os doutorandos e doutorandas. “Vai axudaralles a desenvolver as súas habilidades, a mellorar as oportunidades de desenvolver as súas ideas e a empregarse por conta allea”, aseguran os organizadores. Pero, ademais, seralles de gran axuda “no seu traballo cotiá, optimizando a súa maneira de organizarse, estruturarse e comunicarse” e resultaralle beneficioso á hora de “desenvolver o seu talento xa que é un xeito de multiplicar a visibilidade e resonancia da súa marca persoal en consonancia co desenvolvemento dos seus equipos”.

“Un dos indicadores inequívocos da grandeza dunha Universidade é a capacidade que esta teña para exportar os coñecementos xerados no seu seo, froito da investigación, do traballo e do esforzo do profesorado e do alumnado”, apuntan desde a organización. “Atopámonos con que moitos e bos proxectos, sustentados en excelentes ideas xurdidas no ámbito universitario, pérdense no tinteiro polo simple feito de que as

persoas que os promoven non se atreven a dar o salto e crear a súa propia empresa. Teñen medo ao mundo empresarial porque é percibido como complexo e complicado”, continúan.

En horario de 10.00 a 12.30 horas, o Salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais será o escenario no que se impartirá a formación presencial pero retransmitida. Ao longo dos dez días que durará a actividade, o Campus afondará en temáticas tan diversas como a reformulación de proxectos, a constitución de sociedades, os modelos de participación, os estilos de dirección ou os procesos de selección, así como as habilidades básicas da persoa emprendedora. A análise do mercado, o desenvolvemento da marca persoal ou a xestión financeira serán outras das cuestións tratadas no Campus de Emprendemento e Empregabilidade da USC.



Carmen José López: Primeira presidenta da ‘[Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia](#)’. Na actualidade, asesora a persoas emprendedoras en materia mercantil.

“Queremos testar xuntos que formas xurídicas e que modelos de agregación lles axudarán a mellorar as súas oportunidades laborais”



José Oreiro: Experto en claves da empregabilidade no norte de España. Director territorial do grupo Adecco, a maior empresa de contratación asentada no Estado.

“Imos descubrir xuntos as novas oportunidades do escenario laboral paradigmático que nos toca vivir”



Fernando Rodríguez: Un dos pioneiros do márketing dixital en Galicia. Dirixe o portal [BriefingGallego](#).

“Anímovos a trazar xuntos unha estratexia, o mapa de ruta que sexa capaz de levalos até o infinito e más alá”



Sandra Rodríguez: Experta en comunicación con gran experiencia no mundo da ciencia e das universidades. Estudou Ciencias da Información na USC. Directora de [Growcom](#).

“Debemos lembrar a importancia dunha comunicación más excelente para mellorar a súa proxección social”

Regina Ruanova: Estudou en Ciencias Empresariais na UDC. Asesora Fiscal e Contable en García Salgado.

“Pagamos un prezo por ir tras os nosos soños; un prezo que é maior se non planificamos”

Eva López: Estudou Económicas na USC. Responsable do Programa Woman Emprende. Coordinadora do Programa Innovatia 8.3.

“Emprender sen perspectiva de xénero reporta grandes beneficios”



Modesto Gómez: Coordinador do Campus. Asesoramento a emprendedores e profesionais a través da fundación Incyde, da Fundación Crea e da Escuela de Organización Industrial. CEO de Enxeño Galicia e [Reposicióna](#). Mentor da USC.

“Este Campus é unha oportunidade única para desmarcarse e triunfar”



Carlos Varela: Educador e Pedagogo pola USC. Membro do grupo ESCULCA da USC. CEO de [En Clave Cultural](#). Mentor da USC.

“Animo ao alumnado a CANVAtizarse sendo conscientes do duro que resulta emprender e do útil que son ferramentas como o CANVAS para facelo con solvencia”



Luis Cayo: Estudou Ciencias Empresariais na UDC. Asesor Fiscal e Contable en García Salgado.

“Unha boa previsión facilita a toma de decisións acertadas”

Ir ao sumario


EDIUS **NOVAS**

Publicada a convocatoria de matrícula para o doutoramento 2021/22


A USC xa fixo pública a convocatoria de matrícula para os estudos universitarios oficiais de grao, mestrados universitarios, doutoramento e para as titulacións propias impartidas na universidade durante o vindeiro curso académico 2021/22.

Con carácter xeral, a matrícula deberá cubrirse por medios electrónicos na Secretaría Virtual. Con respecto a todas as titulacións oficiais ou propias reguladas nesta convocatoria, se por algúns causa non se puidese realizar a matrícula por internet, poderá formalizarse na Unidade de Xestión Académica correspondente.

Todos os prazos están recollidos no [calendario de Xestión Académica da USC para o vindeiro curso 2021/2022](#) e no documento onde se recollen todos os detalles. Esta convocatoria regula a matrícula dos alumnos que inicien ou continúen os estudos de doutoramento ao abeiro do [Real Decreto 99/2011](#). Os requisitos de acceso serán os establecidos na normativa vixente e desenvolvidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC.



[Regulamento en galego](#)



[Regulamento en español](#)

DOUTORAMENTO RD
99/2011

Solicitud de admisión 1º período	1 - 10 setembro 2021
Publicación relacóns provisorias 1ºp	21 setembro 2021
Reclamación relacóns provisorias 1ºp	22 - 27 setembro 2021
Publicación relacóns definitivas 1ºp	30 setembro 2021
1º período de matrícula	1 - 7 outubro
Solicitud de admisión 2º período	3 - 7 febreiro 2022
Publicación relacóns provisorias 2ºp	11 febreiro 2022
Reclamación relacóns provisorias 2ºp	12 - 16 febreiro 2022
Publicación relacóns definitivas 2ºp	23 febreiro 2022
2º período de matrícula	24 - 28 febreiro 2022
CONTINUACIÓN ESTUDOS RD 99/2011	1 setembro - 10 outubro

[Ir ao sumario](#)




Os resultados:

Como se valoran o doutoramento e a tese na universidade, na sociedade e nas empresas?

(Os resultados non son representativos porque a participación na enquisa foi reducida.)


Cres que os estudos de doutoramento e a tese son actividades con suficiente recoñecemento social?

■ Si ■ No




Cres que os estudos de doutoramento e a tese son actividades con suficiente recoñecemento no mundo laboral?

■ Si ■ No



Valora de 0 a 5 ese recoñecemento

■ 0 ■ 1 ■ 2 ■ 3 ■ 4 ■ 5



✓ catro cousas

A tese vai de vacacións?

Responder pregunta



PREMIOS

Traballos premiados no VIII Encontro da Mocidade Investigadora



A oitava edición do Encontro da Mocidade Investigadora (VIII EMI) superou todas as expectativas tanto de poñentes, con algo máis de 200, como de asistencia, totalmente telemática por mor da Covid-19 (case 258 persoas). O EMI é un evento que se celebra dende o ano 2012 está aberto a todos os investigadores e investigadoras procedentes da USC e do resto das universidades galegas. Este ano, entre os días 26 e 28 de maio, foron programadas un total de 135 exposicións orais e 68 póster. Desde a organización destacaron a gran calidade de todos os traballos expostos.

Todas as comunicacións e pósters presentados nesta oitava edición dos EMI optaban a gañar algúns dos premios que, como cada ano, outorga o Comité Organizador. En primeiro lugar, as exposicións e póster pasaron unha primeira fase na que votaban os propios participantes. De aquí saíron as 2 ou 3 mellores comunicacións de cada sesión. De entre todas as que pasaron o primeiro cribado, a organización escolleu a mellor de cada campo. Finalmente os premiados foron:

Comunicación oral Ciencias: Laura Rubio Lareu

Comunicación oral Ciencias Sociais, Artes e Humanidades: Pedro Nunes

Comunicación oral Ciencias da Saúde: Estíbaliz Díaz Balboa

Póster: Belén Sabucedo Villamarín

RESUMO PREMIADOS



LAURA RUBIO LAREU

“Á caza de fraudeas nas tatuaxes temporais de henna e jagua”

A preocupación pola imaxe é unha das características más visibles da sociedade moderna, desencadeando nun extraordinario consumo de produtos cosméticos e de coidado persoal. Un gran reto analítico ten que ver cos cosméticos de novo formato e cos considerados produtos fronteirizos e de difícil categorización estrita como cosméticos. Aquí, destan amplamente as tatuaxes temporais. As coñecidas tatuaxes de henna conteñen como principio activo lawsona e adicionalmente outros aditivos, coma para-fenilendiamina, un recoñecido alérxeno. As tatuaxes de jagua son máis recentes. Estas contan con genipósido e genipina como compostos principais, potenciais novos alérxenos. Neste traballo ideouse unha metodoloxía axeitada para a análise destas mostras. Segundo a presenza ou non dos marcadores, próbase a súa autenticidade: nas jaguas si se acharon os seus principios activos, pero soamente nunha das 14 hennas estudiadas se atopou lawsona. O seguinte obxectivo é caracterizar estas tintas e pescudar que é o que conteñen.

PEDRO NUNES

“Analizando os sentimientos dos comentarios de clientes de Airbnb por temas”

As avaliaciós de clientes son indicadores de experiencias pasadas e a miúdo utilizanse como única fonte de información para elixir entre aloxamentos. A maioría das avaliaciós expresan emocións que se transmiten aos futuros clientes. Este traballo explora o impacto das emocións detectadas nas avaliaciós e as características dos alugueiros no prezo das listaxes. Recollemos información de insideairbnb.com sobre a actividade de Airbnb en Lisboa e O Porto e exploramos os sentimientos expresados en 460.632 comentarios de clientes. Así mesmo, analizouse detalladamente a información sobre os anuncios disponibles nas dúas cidades, prestando especial atención ás avaliaciós cuantitativas dos clientes e ás características dos aloxamentos. Por último, a información recompilada revisouse tendo en conta o seu impacto no prezo do anuncio. O principal avance deste traballo é que analizamos o impacto dos sentimientos detectados nas avaliaciós sobre o prezo dos anuncios, combinámoslos cos determinantes máis tradicionais do prezo e aplicamos a análise aos casos de estudio de Lisboa e O Porto.



RESUMO PREMIADOS



ESTÍBALIZ DÍAZ BALBOA

"Rehabilitación cardio-oncológica nas complicacións funcionais en mulleres con cancro de mama que reciben quimioterapia cardiotóxica"

Varios tratamentos quimioterápicos para o cancro asócianse á posibilidade de desenvolver complicacións cardiovasculares e funcionais tales como a fatiga, perda de masa muscular, insomnio e alteracións cognitivas, empeorando a calidade de vida destes pacientes. Os programas de Rehabilitación Cardíaca con exercicio como compoñente central son modelos que buscan mellorar os síntomas, a calidade de vida e o prognóstico de pacientes con cardiopatía, polo que poderían ser un recurso extensible a pacientes oncológicos, dando lugar a programas de Rehabilitación Cardio-Oncolítica. Esta tese baséase no proxecto ONCORE, un ensaio clínico aleatorizado que avalia o impacto dun programa de Rehabilitación Cardio-Oncolítica baseado en exercicio supervisado para a prevención de cardiotoxicidade inducida por quimioterapia en pacientes con cancro de mama vs un grupo control ao que se dan recomendacións de actividade física. Os resultados deste estudio poderán ser facilmente transferibles á práctica clínica.

BELÉN SABUCEDO

"Evolución de síntomas e signos en pacientes de ojo seco con recomendaciones de higiene visual. Estudio piloto tras 6 años"

A Enfermidade de Ollo Seco (EOS) é unha patoloxía crónica e multifactorial que diminúe a calidade de vida de quen a padece, sendo fundamental caracterizar a súa evolución tanto a nivel de síntomas coma signos: o obxectivo do presente traballo foi analizar dita evolución baseándose en parámetros estandarizados para a diagnose desta anomalía. Foron incluídos un total de 10 suxeitos diagnosticados de EOS, aos que se lles analizaron ambos ollos nunha primeira sesión de avaliación basal, e posteriormente outra sesión de avaliación aos 6 anos seguindo un tratamento de recomendacións de higiene visual. Tras este tempo seguindo as recomendacións, os pacientes de estudio non presentaban cambios nos valores de sintomatoloxía ocular nin da osmolaridade lacrimal, pero, por outra banda, si se atopou un empeoramento en canto á avaliación da hiperemia conjuntival.



EDIUS **NOVAS**

Unha doutoranda da USC, entre as tres premiadas no V Concurso de *Pitches* do Grupo Compostela de Universidades

O xurado do V Concurso de *Pitches* de Investigación do **Grupo Compostela de Universidades** recoñeceu as presentacións en vídeo de tres científicas das universidades de Miño, Regensburg e Santiago de Compostela.



O primeiro premio foi para a investigadora da Universidade do Miño (UMinho) **Olívia Pontes**. No seu *pitch* **Synthesis and characterization of novel targeted inhibitors for cancer treatment**, a doutoranda do programa de Ciencias da Saúde da UMinho explica que a súa investigación está centrada nos compostos de nova síntese e na súa capacidade para tratar e superar a resistencia en tipos agresivos de cancro.

O segundo premio recae na doutoranda da Universidade de Regensburg **Henna Kapoor**. No seu *pitch* **The «teamwork» of various RNA polymerase transcription factors in Arabidopsis thaliana**, Kapoor detalla a investigación que desenvolve o grupo do que forma parte sobre a interacción entre dous factores de elongación na polimerasa do ácido ribonucleico (ARN).

Finalmente, o terceiro premio foi para o *pitch* **From wastes to biomaterials: towards circular economy** da investigadora **Alba Roibás Rozas** da Universidade de Santiago de Compostela (USC). No seu vídeo, a investigadora do programa de doutoramento en Inxeñería Química e Ambiental da USC divulga o traballo levado a cabo nos últimos tres anos polo seu grupo, fundamentado no desenvolvemento dunha tecnoloxía destinada á produción de bioplásticos, cuxo perfil medioambiental foi despois avaliado para validalo.

Sobre este *pitch*, os membros do xurado sopesaron a formulación de “forma clara e coherente” do problema plantexado no estudo, “así como os instrumentos e métodos para a súa solución”. Ademais, apreciaron que “aínda que é un tema moi técnico, é posible que o público en xeral entenda os beneficios deste proxecto”.

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

Aberto o prazo para o VIII e IX Curso de Boas Prácticas para posgraduados

Xa está aberto o proceso de inscrición para a VIII e IX Edición do **Curso de Boas Prácticas Científicas** (CBPC), que convoca o Banco Santander e á que poderán acceder os/as posgraduados/as residentes en España. Os cursos comezarán en setembro e novembro, respectivamente. O banco concederá, por edición, un total de 25 bolsas que cobren a totalidade da matrícula.

Estas dúas novas ediciones do Curso de Boas Prácticas Científicas impartiránse en formato *online* sincrónico. Cada edición ten unha duración de 26 horas repartidas ao longo de 5 semanas consecutivas. Cada semana, á súa vez, consta de 3 sesións, os martes, mércores e xoves (excepto a semana 5 da VIII edición e a semana 2 da IX edición que será os mércores, xoves e venres) na franxa horaria de 16:30 a 19:00 horas.

O Curso de Boas Prácticas Científicas aspira a promover a concienciación e a formación en integridade científica e boas prácticas, como alicerces dunha conduta responsable en investigación entre os que se inician en investigación. Impártese fundamentos de integridade científica para un desenvolvemento ético da investigación e analizarse o complexo sistema científico actual, así como as obrigas do/a investigador/a e as facetas esenciais do proceso investigador.

 [Ir ao sumario](#)

Curso de verán na USC sobre a visualización e análise de datos con ‘R’

R’ é un contorno de ferramentas de *software* deseñado para a manipulación de datos, cálculo matemático-estatístico e procesamento de gráficos. Entre os días 13 e 23 de xullo, a Facultade de Matemáticas da USC acolle a formación ‘Visualización e análise de datos con R’, enmarcado dentro do programa da **Universidade de Verán 2021 da USC**, que ten como obxectivo que os/as asistentes aprendan a abordar diferentes técnicas estatísticas, tanto descriptivas como inferenciais, e a súa ilustración co paquete estatístico R, empregando diferentes bases de datos reais.


María Isabel Borrajo García, Mercedes Conde Amboage, Rosa María Crujeiras Casais, María José Ginzo Villamayor e Paula Saavedra Nieves son as profesoras encargadas de impartir a formación, que se celebra de xeito presencial en quendas de mañá e tarde.

Na actual “sociedade datificada” todo é cuantificado, e faise preciso dispor de ferramentas que permitan extraer información relevante dos datos capturados, resumíndoalas e visualizándolas de xeito sinxelo. Neste senso, o programa de libre disposición ‘R’ tense convertido no paquete estatístico de referencia na maioría dos centros de investigación e universidades, e o seu uso estase estendendo tamén no ámbito privado: en pequenas empresas ou grandes corporacións como Google. Outro aspecto importante é que ‘R’ constitúe unha linguaxe de programación sinxela e flexible, que permite un control total sobre a análise que se está a desenvolver.

Neste marco, os obxectivos que se formulan para este curso son varios. Por unha banda, que o alumnado coñeza as funcionalidades básicas de ‘R’ como programa para o tratamiento estatístico de datos e que adquira as habilidades necesarias para desenvolver análises estatísticas. Tamén se darán a coñecer ferramentas de busca e axuda que permitan afondar nos métodos dispoñibles.

Ademais, ‘R’ medra e desenvólvese co traballo dos seus propios usuarios. Estes traballos almacénanse en bibliotecas (paquetes), que reúnen funcións orientadas a un determinado obxectivo: desde aplicacións de diferentes métodos estatísticos ata resolver sudokus. Estas bibliotecas pódense descargar e instalar a través do propio programa (desde o menú Paquetes).

Formación



Actividades Xullo 2021

Transversais

Módulo: Competencias en información e recursos

Revisión sistemática da literatura e análise bibliométrica con VOSviewer



ONLINE: 5 a 7 de xullo 2021

Matrícula: do 21 ao 28 de xuño de 2021

Artes e Humanidades, CC Sociais e Xurídicas

Módulo: Competencias en análise de datos e modelización


Análise Cualitativo Comparado (QCA): Fundamentos e casos prácticos



ONLINE: 6 e 8 de xullo de 2021

Matrícula: do 22 ao 29 de xuño de 2021

Formación



Actividades Xullo 2021

Ciencias e Enxeñarías

Módulo: Competencias en análisis de datos e modelización

163 ESGI: European Study Group with Industry (Básico) ➔

ONLINE: do 12 ao 16 de xullo de 2021

Matrícula: do 15 de xuño ao 5 de xullo de 2021

163 ESGI: European Study Group with Industry (Avanzado) ➔

ONLINE: do 12 ao 16 de xullo de 2021

Matrícula: do 15 de xuño ao 5 de xullo de 2021

Curso práctico en técnicas cromatográficas combinadas con espectrometría de masas ➔

PRESENCIAL: do 12 ao 16 de xullo de 2021

Matrícula: do 1 ao 15 de xuño de 2021

A matrícula faise a través da secretaría virtual do alumnado. Busca en *Oferta as Actividades da EDIUS*, pero antes:

- Consulta co/a teu/úa titor/a se esta é unha actividad adecuada para as túas necesidades formativas.

ENTREVISTA



Rafael Repiso

Profesor da UNIR

Diplomado en Biblioteconomía, Licenciado en Documentación, Máster en Evaluación Científica, Doutor en Documentación (2013) e Doutor en Comunicación (2019).

Socio fundador da *Spin Off EC3metrics* e membro do Grupo EC3 de investigación (Universidade de Granada) e dos grupos PROCOMM (UNIR) e Comunicar. Membro desde finais de 2017 do *Think Tank ThinkEPI*.

«As redes sociais más importantes son as reais, as que se dan fóra dos mundos virtuais»

Coñecer a importancia das redes sociais —virtuais, xerais e académicas— no contexto universitario. Este é o principal obxectivo do curso ‘Análise de Redes Sociais. Sociometría’ organizado pola EDIUS e impartido por Rafael Repiso Caballero, técnico de investigación, profesor na ESCO de Granada (Escola Superior de Comunicación e Márketing), socio da SpinOff EC3metrics e docente na Universidade Internacional da Rioxa (UNIR).

Aínda que quizais poidan parecer un simple modo de entretenemento e socialización, son as redes sociais algo más serio?

